

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.^a,
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 21.04.2017 Hora: 10:30

A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 21 de abril de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión


- 1.1 5325 (10/POC-000920)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o coñecemento e as previsións do Goberno galego respecto da realización das actuacións necesarias para solucionar as deficiencias existentes nas instalacións do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017
- 1.2 6707 (10/POC-001165)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre as previsións do Goberno galego para a elaboración da estratexia da cultura de Galicia 2021, co fin de garantir a súa preservación e difusión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017
- 1.3 6829 (10/POC-001181)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para modificar as condicións do prego de contratación do servizo de limpeza do Centro Residencial Docente e IES Universidade Laboral de Ourense minorando as categorías profesionais e o número de traballadores, a autorización á empresa adjudicataria do ano 2014 para alterar as condicións contractuais da prestación do servizo e as xestións realizadas para o seu cumprimento, así como as medidas previstas ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017
- 1.4 6848 (10/POC-001184)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 7 máis
Sobre o enfoque que lle está a dar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria á formación do profesorado

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017

- 1.5 6932 (10/POC-001199)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre o traslado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos pais e ás direccións dos centros educativos, no anuncio publicado na súa páxina web o día 21 de marzo, da responsabilidade de garantir o normal funcionamento dos centros ou, se é o caso, suspender a actividade docente os días 22 e 23 de marzo de 2017 por pasar a alerta declarada a un nivel superior
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017
- 1.6 6977 (10/POC-001208)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa denegación pola Axencia Galega das Industrias Culturais das subvencións solicitadas para o ano 2017 por cinco dos máis relevantes festivais de cine de Galicia, e as súas previsións respecto da procura dalgunha solución para que poidan realizarse
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017
- 1.7 7268 (10/POC-001267)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e 2 máis
Sobre as razóns existentes para non incluír o IES Leliadoura, de Ribeira, no proxecto denominado Escolas Conectadas de Galicia, as previsións da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da rectificación desa decisión e, se é o caso, a data estimada para a conexión do centro por fibra óptica de alta velocidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 7089 (10/PNC-000727)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre o mantemento polo Goberno galego da liña de bacharelato de humanidades, ciencias e tecnoloxía no IES Castro da Uz, no concello das Pontes de García Rodríguez



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2017

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 17/04/2017 13:09:35

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 21.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 21.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 5325(10/POC-000920)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o coñecemento e as previsións do Goberno galego respecto da realización das actuacións necesarias para solucionar as deficiencias existentes nas instalacións do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Vilaxóan, no concello de Vilagarcía de Arousa

Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5325
Data envío: 17/02/2017 11:34:10.944

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás melloras que é preciso realizar no CEIP de Vilaxoán.

O CEIP de Vilaxoán atende as necesidades de escolarización de arredor de 300 alumnos e alumnas de infantil e primaria no concello de Vilagarcía de Arousa, na parroquia de San Martiño de Sobrán.

O centro construído no 1979 sofre un grave deterioro debido a que apenas se fixeron obras precisas de arranxo e mantemento desde a súa construción.

Hai uns días a ANPA do CEIP de Vilaxoán denunciou publicamente as deficiencias das instalacións do centro escolar, sinalando entre elas, os problemas de illamento nunha fachada do colexio obrigando aos nenos e nenas a ter que estar nas aulas con abrigos xa que non se superan os 14 grados de temperatura, falsos teitos con pranchas moi antigas que caen continuamente poñendo en perigo a saúde do alumnado e deterioro de materiais como consecuencia dos últimos temporais (caída de canaletas, ...)

Outro motivo de preocupación da ANPA é o mal estado da caldeira e o depósito de combustíbel da calefacción; son os que se instalaron cando a



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5325
Data envío: 17/02/2017 11:34:10.944

construción do centro, e este último está soterrado dentro do propio edificio, xusto ao lado do comedor.

A todo isto, hai que engadir que o CEIP de Vilaxoán segue contando con amianto entre os materiais cos que foi construído, produto que está prohibido desde o 2002 por tratarse dun axente canceríxeno, podendo provocar efectos moi nocivos na saúde dos nenos e nenas.

Diante das deficiencias do centro, que afectan tanto á seguridade, como á confortabilidade do alumnado, a ANPA solicitou no mes de outubro do 2016 unha reunión co Xefe Territorial de Educación en Pontevedra, sen que a día de hoxe teñen recibido contestación, nin celebrada reunión.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-É coñecedora a Xunta de Galiza das deficiencias que presenta o CEIP de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía?

-Por que razón @s responsábeis da Consellaría de Cultura, Ensino e Ordenación Universitaria na provincia de Pontevedra non atenden a petición da ANPA de manter unha reunión para abordar a situación do centro educativo?

-Considera que o centro, coas deficiencias que presenta, cumpre coas condicións axeitadas para impartir un ensino de calidade?

-Vai atender as peticións da ANPA e proceder a realizar as actuacións precisas para subsanar as deficiencias denunciadas?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5325
Data envío: 17/02/2017 11:34:10.944

-Si é así en que data as vai realizar?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/02/2017 11:31:52

Noa Presas Bergantiños na data 17/02/2017 11:31:57

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2017 11:32:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/02/2017 11:32:05

Xosé Luis Bará Torres na data 17/02/2017 11:32:08



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5325

Data envío: 17/02/2017 11:34:10.944

Ana Pontón Mondelo na data 17/02/2017 11:32:11

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 21.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 6707(10/POC-001165)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a elaboración da
estratexia da cultura de Galicia 2021, co fin de garantir a
súa preservación e difusión

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Moisés Rodríguez Pérez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Martín Fernández Prado e Antonio Mouriño Villar, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario do Partido Popular,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Entre as liñas estratéxicas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria atópase a elaboración da Estratexia da Cultura 2021.

Sabemos que dende a Xunta se está a traballar por unha Galicia cuxa cultura sexa xeradora de emprego e que respecte o noso patrimonio cultural e lingüístico.

Sabemos que o obxectivo principal desa estratexia é o de fortalecer a industria cultural partindo de dúas premisas, por unha banda garantir a máxima difusión da actividade cultural de base por todo o territorio e, por outra, asentando un tecido social e empresarial nese ámbito.

Dende o Grupo Parlamentario Popular interesáranos coñecer máis a fondo os obxectivos dese Plan, desa estratexia 2021, data importante, xa que coincide coa celebración do Ano Santo. Por estes motivos, os deputados asinantes, plantexamos a seguinte pregunta en Comisión:

Cómo se vai elaborar esa Estratexia da Cultura de Galicia 2021 que garanta a preservación e difusión da nosa cultura?



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 13:49
Nº Rexistro: 6707**
Data envío: 15/03/2017 13:49:41.577

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 15/03/2017 13:44:20

César Manuel Fernández Gil na data 15/03/2017 13:44:32

Maria Antón Vilasánchez na data 15/03/2017 13:44:34

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/03/2017 13:44:41

Carlos Gómez Salgado na data 15/03/2017 13:45:09

Carlos Enrique López Crespo na data 15/03/2017 13:45:18

Martín Fernández Prado na data 15/03/2017 13:45:27

Antonio Mouriño Villar na data 15/03/2017 13:45:42

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 21.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 6829(10/POC-001181)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para modificar as condicións do prego de contratación do servizo de limpeza do Centro Residencial Docente e IES Universidade Laboral de Ourense minorando as categorías profesionais e o número de traballadores, a autorización á empresa adxudicataria do ano 2014 para alterar as condicións contractuais da prestación do servizo e as xestións realizadas para o seu cumprimento, así como as medidas previstas ao respecto

Publicación da iniciativa, 93, 30.03.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 17:50
Nº Rexistro: 6829
Data envío: 20/03/2017 17:50:38.087

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**, relativa ás cláusulas técnicas contidas no prego para a nova adxudicación do servizo de limpeza do centro educativo Universidade laboral de Ourense.

O ensino é un dos servizos básicos fundamentais do que desfrutan os galegos e galegas no noso país e cuxa xestión corresponde competencialmente á Xunta de Galiza, que debe velar pola súa calidade, para a que ten un papel fundamental o mantemento, limpeza e conservación das instalacións correspondentes.

No DOG núm. 55 do luns 20 de marzo de 2017 aparece publicada a resolución do 10 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da contratación documentalmente simplificada do servizo de limpeza no CRD e IES Universidade Laboral de Ourense (expediente ED-01/17 SE) cuxo organismo adxudicador é, xa que logo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O citado centro tivo en período recente incumprimentos diversos por parte da que foi a empresa adxudicataria no anterior concurso, Serlym Galicia S.L, conforme foi denunciado laboralmente por parte de traballadores e traballadoras e conforme preguntou este grupo parlamentario. Segundo o prego de prescricións técnicas que



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 17:50
Nº Rexistro: 6829
Data envío: 20/03/2017 17:50:38.087

rexeron o concurso anterior en maio de 2014 o persoal que debía prestar os seus servizos neste centro constaba de: 1 persoa encargada, 15 persoas limpadoras e 1 persoa peón especialista. Esta condición cumpríuse até o momento da xubilación dunha persoa que desenvolvía as labores de limpadora. Nese momento a empresa adxudicatária, Serlym Galicia S.L., contratou unha persoa pero nunha categoría e con cometidos diferentes. Neste caso a nova contratación realizouse para a categoría de peón, polo que se incumpriron as citadas prescricións contractuais incorréndose ademais nunha vulneración de dereitos laborais conforme foi recollido por diversas sentenzas xudiciais.

Coñecido o novo prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do servizo de limpeza do centro residencial docente e IES “Universidade Laboral” de Ourense chama poderosamente a atención que malia o descrito e malia terse ampliado unha nova nave de máis de 400 metros cadrados nos últimos tempos non só non se aumente o número de traballadores e traballadoras senón que diminúe e contéplase unicamente: 15 traballadores e traballadoras con categoría de limpador ou limpadora a xornada completa. Polo tanto, mudan as categorías laborais e rebáixase o persoal.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 4ª:

1. Cales son as motivacións por parte do Goberno galego para mudar as condicións do prego de contratación minorando as categorías profesionais e o número de traballadores e traballadoras?

2. Considera o Goberno galego que malia aumentar o espazo a limpar e diminuir o número de traballadores e traballadoras está en condicións de manter as instalacións nun estado adecuado?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 17:50
Nº Rexistro: 6829
Data envío: 20/03/2017 17:50:38.087

3. A respecto da adxudicataria de 2014, foille comunicado e autorizado polo órgano de contratación a alteración das condicións contractuais da prestación deste servizo? Diante dos feitos relatados, fixo o órgano de contratación algunha xestión ante a empresa adxudicataria para que se cumpriran todas as cláusulas e prescricións dos pregos e para que se respectaran todos os dereitos laborais dos e das súas traballadoras?

4. Considera axeitado que o novo prego de contratación só teña en conta criterios de igualdade en caso de empate malia tratarse dun traballo fortemente feminizado?

5. Que medidas ten previsto realizar o Goberno galego, para no seu caso, resolver as cuestións recollidas en caso de que os prazos determinen unha nova adxudicación coas insuficiencias relacionadas?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 17:50
Nº Rexistro: 6829
Data envío: 20/03/2017 17:50:38.087

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2017 17:48:34

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2017 17:48:41

Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2017 17:48:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/03/2017 17:48:44

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2017 17:48:46

Xosé Luis Bará Torres na data 20/03/2017 17:48:47

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 21.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 6848(10/POC-001184)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre o enfoque que lle está a dar a Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria á formación do
profesorado

Publicación da iniciativa, 93, 30.03.2017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2017 09:56
Nº Rexistro: 6848
Data envío: 21/03/2017 09:56:08.318**

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Moisés Rodríguez Pérez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Martín Fernández Prado e Antonio Mourinho Villar, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A mellora da calidade da educación constitúe unha meta irrenunciable dos sistemas educativos e un dos seus piares básicos, entroncado coa salvagarda dun ensino que garanta a igualdade de oportunidades e a capacitación do alumnado coas competencias e o coñecemento necesarios para o seu pleno desenvolvemento na sociedade actual.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, destaca entre os factores que favorecen a calidade do ensino, e aos cales se lles prestará unha atención prioritaria, a cualificación e formación do profesorado, a investigación, a experimentación e a renovación educativa. No artigo 102 reconece a formación do profesorado como un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros.

Nesta liña, a Consellería de cultura, Educación e Ordenación Universitaria emprendeu, mediante o decreto 74/2011, un profundo cambio nas estruturas da formación permanente do profesorado que permiten unha maior eficiencia e efectividade no desenvolvemento do talento e as competencias do profesorado, peza clave do sistema.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué enfoque está a dar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria á formación do profesorado?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 21/03/2017 09:50:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2017 09:56
Nº Rexistro: 6848
Data envío: 21/03/2017 09:56:08.318**

Maria Antón Vilasánchez na data 21/03/2017 09:50:51

Teresa Egerique Mosquera na data 21/03/2017 09:51:16

Moisés Rodríguez Pérez na data 21/03/2017 09:51:31

Carlos Gómez Salgado na data 21/03/2017 09:52:22

Carlos Enrique López Crespo na data 21/03/2017 09:52:31

Martín Fernández Prado na data 21/03/2017 09:52:39

Antonio Mouriño Villar na data 21/03/2017 09:52:51

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 21.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 6932(10/POC-001199)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre o traslado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos pais e ás direccións dos centros educativos, no anuncio publicado na súa páxina web o día 21 de marzo, da responsabilidade de garantir o normal funcionamento dos centros ou, se é o caso, suspender a actividade docente os días 22 e 23 de marzo de 2017 por pasar a alerta declarada a un nivel superior

Publicación da iniciativa, 93, 30.03.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luis Manuel Alvarez Martínez e Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante es Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Ante a previsión de fenómenos meteorolóxicos adversos durante os días 22 e 23 de marzo de 2017, a Consellería de Cultura, Educación e O.U. publicou, xa na tarde do día 21 de marzo, na súa páxina web o seguinte anuncio:

A **suspensión do transporte escolar** por alerta **laranxa**, entre as 12:00 horas do día 22 e as 12:00 horas do día 23 de marzo, por acumulación de neve de ata 5 cm de espesor, que afectará as zonas de predición meteorolóxica do interior da Coruña, do centro e sur de Lugo, do noroeste de Ourense e do interior de Pontevedra; e entre as 8:00 horas do día 22 e as 12:00 horas do día 23 de marzo, na zona de predición meteorolóxica do sur de Ourense.

A **suspensión do transporte escolar** por alerta **amarela** a partir das 00:00 horas do día 22 e as 12:00 horas do día 23 de marzo, por acumulación de neve de ata 15 cm de espesor, que afectarán as zonas de predición meteorolóxica da montaña de Lugo e da montaña de Ourense; e entre as 9:00 horas do día 22 e as 9:00 horas do día 23 de marzo, por acumulación de neve superiores aos 2 cm po riba dos 500m na zona de predición meteorolóxica de Valdeorras. A **suspensión das actividades no exterior** das instalacións dos centros escolares situados nas zonas de predición meteorolóxica indicadas anteriormente (puntos 1 e 2), con seguimento das condicións climáticas.

Para o caso de que as circunstancias da localidade onde se atopa o centro supuxesen un risco superior ao declarado (amarelo/laranxa) e pasase a unha declaración de nivel superior (laranxa/vermello), as direccións poderán adoptar as decisións oportunas respecto da suspensión da actividade docente.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Como se pode deducir de forma obvia, o transporte escolar, nas zonas afectadas polo aviso e suspensión funcionaría do seguinte xeito:

O día 22 de marzo os transporte escolares levan aos alumnos aos centros e non os recollen ao remate da súa xornada; o día 23 non os levan pero si os recollen nalgunhas zonas. Noutras recollen ao alumnado ao remate do día 23. Outras combinacións tamén teñen cabida en función do distinto espesor previsible da neve.

Como xa se ten denunciado repetidamente por este grupo parlamentario, ante outras circunstancias, a Consellería traslada a responsabilidade ás direccións dos centros.

En todo caso, a forma de asumir responsabilidades por parte da Consellería de Cultura, Educación e O.U. é sempre a mesma: se o alumnado vai a clase eses días, que os leven ou os recollan os seus pais en lugar do transporte escolar. Si se suspenden as clases, que sexan as direccións dos centros as que asuman esa responsabilidade.

Esta situación é consecuencia dun argumento *ad nauseam* que motiva a presentación da seguinte pregunta:

Considera a Consellería de Cultura, Educación e O.U. razoable trasladar a pais e direccións dos centros a responsabilidade de garantir o normal funcionamento dos centros ou, no seu caso, suspender o funcionamento do servizo.

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Mat3nez na data 22/03/2017 18:27:20

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2017 18:27
Nº Rexistro: 6932

Data envío: 22/03/2017 18:27:59.000



 Grupo Parlamentario

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/03/2017 18:27:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 21.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 6977(10/POC-001208)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa denegación pola Axencia Galega das Industrias Culturais das subvencións solicitadas para o ano 2017 por cinco dos máis relevantes festivais de cine de Galicia, e as súas previsións respecto da procura dalgunha solución para que poidan realizarse

Publicación da iniciativa, 93, 30.03.2017



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A Axencia Galega das Industrias Culturais acaba de facer pública a resolución da convocatoria de subvencións a festivais do sector audiovisual para 2017 na que deixa fora a cinco dos festivais mais relevantes de Galicia.

En efecto, o Agadic non concede ningún tipo de axuda ao Festival de Cans (por primeira vez en catorce anos), Curtocircuito, Cineuropa, Freakemacine e Primavera de Cine alegando un defecto de forma na entrega da documentación.

Nesta convocatoria, por primeira vez, estas axudas tiñan como requisito obrigatorio ser presentadas por vía electrónica sen que se establecera ningún tipo de asistencia para solucionar os problemas que se sucederon de forma continúa.

Todos os festivais apartados das subvencións tiveron problemas para acceder a sede electrónica e rexistrar as súas solicitudes, polo que a maioría decidiron enviar a documentación necesaria por correo certificado dentro do prazo marcado pola convocatoria.

Esta documentación non foi aceptada pola comisión avaliadora que decidiu deixar fóra a solicitude dos cinco festivais citados sen tentar buscar unha solución ao que claramente derivaba de problemas ca sede electrónica da Xunta, o que por certo é moi usual para as peticións de todo tipo de axudas e subvencións.

Esta decisión é moi grave dende noso punto de vista porque pon en perigo a celebración dos festivais de cine máis importantes de Galicia o que afecta ao sector, pero tamén aos espectadores, e dende logo está nas antípodas das obrigas do Agadic que é impulsar o audiovisual.

No caso do Festival de Cans, moi coñecido tamén fora de Galicia e polo tanto moi importante para a difusión da nosa cultura, a subvención do Agadic supón o 25% do seu orzamento total a pesar de ser en números absolutos unha cantidade cativa de 29.000 euros, e que non a perciba o deixa nunha situación de incertidume a un mes da súa celebración.

E a todo isto hai que unir o feito da escasa axuda que a Consellería de Cultura ofrece a estes festivais porque a cantidade global da convocatoria era de tan só 150.000 euros.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Creemos que o Agadic ten que buscar unha solución para este problema porque non pode poñer en perigo a realización destes cinco festivais audiovisuais e que é o Conselleiro de Cultura o que tamén ten que responder e explicar esta inaceptable situación.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Como valora o conselleiro de Cultura que cinco dos mais importantes festivais do cine de Galicia non teñan subvención do Agadic en 2017?
- 2.ª) Como valora o conselleiro de Cultura a actuación do Agadic na concesión de subvencións aos festivais audiovisuais para o ano 2017?
- 3ª) Preocúpalle ao Sr. conselleiro de Cultura a posibilidade de que estes cinco festivais non podan realizarse en 2017 pola falta de axudas?
- 4.ª) Pensa que esta é a maneira de impulsar o audiovisual e a nosa cultura?
- 5.ª) Pensa o Sr. conselleiro de Cultura buscar algunha solución ao problema destes cinco festivais de cine?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2017
Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/03/2017 13:13:01

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/03/2017 13:13:09

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 21.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 7268(10/POC-001267)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 2 máis

Sobre as razóns existentes para non incluír o IES Leliadoura, de Ribeira, no proxecto denominado Escolas Conectadas de Galicia, as previsións da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da rectificación desa decisión e, se é o caso, a data estimada para a conexión do centro por fibra óptica de alta velocidade

Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputado e deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Comisión, **relativa á exclusión do IES Leliadoura de Ribeira do proxecto "Escolas Conectadas de Galicia"**.

En outubro de 2016 a entidade Red.es adxudicou o concurso "Escolas Conectadas de Galicia" por un importe de 17,7 M€. Este proxecto será desenvolvido por Red.es, AMTEGA (Axencia para a modernización Tecnolóxica de Galicia adscrita á Presidencia da Xunta), Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Forma parte da Axenda Dixital Europea 2015-2020 dentro do programa "Educación en Rede" e está financiado con Fondos FEDER.

Este proxecto ten por obxecto dotar a 820 centros docentes públicos non universitarios de primaria e secundaria de redes de alta velocidade. O 60% deles con velocidades de ata 500 Mbs de subida e baixada e o 40% con velocidade de 150 Mbs de baixada e 50 Mbs de subida.

Incomprensiblemente o IES Leliadoura de Ribeira non foi incluído na listaxe de centros a dar servizo de alta velocidade a pesar de contar con máis de 600 usuarios, estar dentro do proxecto Abalar (Aulas dixitais) e contar con ciclos formativos de informática.

Este centro atópase a menos de 1 km do centro de Ribeira e, segundo os nosos datos, a 300 metros do último punto de rede de fibra accesible. Todo isto fai aínda máis incomprendible a marxinación do IES Leliadoura do proxecto.

A solución aportada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) foi a mellora da precaria conexión existente coa instalación dun Radioenlace. Se ben é certo que esta conexión mellorou un pouco a precaria existente até este curso, dista moito da calidade de conexión que pode ofertar a fibra óptica. O Radioenlace alimentase dun centro alleo ao instituto a través dunha antena. Isto orixina constantes desconexións que se poden prolongar por varios días sendo necesario para o seu arranxo persoal técnico alleo ao Leliadoura.

As desconexións a Internet ocasionan trastornos evidentes no desenvolvemento educativo tanto nos ciclos formativos de Informática e Administración, que precisan dunha conexión a Internet estable para o desenvolvemento da maioría dos seus módulos educativos, como na ESO e Bacharelatos, incluídos no proxecto Abalar. A todo isto hai que sumarlle os graves prexuízos que estas desconexións orixinan na diaria labor administrativa de funcionamento do propio centro.

A este fin, En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Cales foron as causas para non incluír ao IES Leliadoura no proxecto "Escolas Conectadas de Galicia"?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 10:19
Nº Rexistro: 7268
Data envío: 30/03/2017 10:19:30.675



2.- Pensemos AMTEGA e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria rectificar esta exclusión incomprensible?

3.- En caso de rectificación, en que data estiman que poderá estar conectado por fibra óptica de alta velocidade o IES Leliadoura de Ribeira? (Dado o volume de alumnos, docentes e existencia de ciclos de informática a velocidade necesaria sería de 500 Mbs de subida e baixada)

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Ángeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 30/03/2017 10:17:59

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/03/2017 10:18:10



Luca Chao Pérez na data 30/03/2017 10:18:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 10:19
Nº Registro: 7268
Data envío: 30/03/2017 10:19:30.675

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 21.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 21.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 7089(10/PNC-000727)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o mantemento polo Goberno galego da liña de bacharelato de humanidades, ciencias e tecnoloxía no IES Castro da Uz, no concello das Pontes de García Rodríguez

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na Comisión 4.^a, relativa á supresión dunha liña de bacharelato no IES Castro da Uz.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O menoscabo dos servizos públicos, baleirando as pequenas vilas das dotacións esenciais, incrementando a fenda entre clases sociais e entre os territorios, lonxe de paralizarse sigue aumentando.

No que atinxe á educación, as comarcas do norte do país están a vivir nestes últimos tempos unha situación de desmantelamento alarmante e de perda da calidade educativa, froito dos recortes que proveñen tanto da Xunta de Galicia coma do Goberno do Estado.

No caso das Pontes, a Xunta de Galicia vén de anunciar que pretende suprimir a liña de bacharelato de Ciencias, Humanidades e Tecnolóxica no IES Castro da Uz, trasladándoa para o Moncho Valcarce, o que a longo prazo implicará o peche do primeiro e a masificación das aulas no segundo.

A **comunicación polo servizo de inspección da Xunta** de Galicia ao centro de que se procedía á supresión da liña de bacharelato e que se trasladaba ao Moncho Valcarce produciuse o día **1 de febreiro**. Casualmente o **mesmo día no que comezaba o prazo de matrícula**. Polo tanto, aínda que oficialmente non se abriu o prazo de matrícula, o Concello abriu un prazo, a semana pasada, para



coñecer as necesidades que resultaba en 18 alumnos e alumnas que esperaban cursar os seus estudos no Castro da Uz no ano 2017-2018.

Un recorte que pretenden xustificar na diminución de alumnado pero que non ten en conta a necesaria análise da situación a longo prazo que, de acordo coa evolución demográfica da comarca pasará por un incremento do número de alumnos e alumnas nos vindeiros anos, o que producirá ineludiblemente unha situación de masificación nos centros. Con este peche tampouco se están prevendo os posibles casos de diversidade funcional que poidan existir nin tampouco daqueles que precisen reforzos educativos, alumnos e alumnas que precisarán de atención especializada e de aulas específicas que a todas luces será imposible de ofrecerlles.

No mesmo sentido, o goberno non está atendendo a situación do profesorado dos centros que no caso de As Pontes quedan sen cubrir prazas definitivas de xubilacións e traslados.

A estes recortes hai que sumar a ausencia total de interlocución por parte da Xunta de Galicia, que opta por decisións tomadas de xeito unilateral e adoptadas sen consulta nin información previa aos afectados, moi especialmente profesorado, alumnado e familias.

Todo isto redunda na perda de calidade educativa para o alumnado, con aulas masificadas, sen atención especializada nin con garantía de que a ensinanza sexa a cargo de profesorado formado para cada materia.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 12:47
Nº Rexistro: 7089
Data envío: 27/03/2017 12:47:04.400



O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a manter a liña de Bacharelato de Humanidades, Ciencias e Tecnoloxía no IES Castro da Uz de As Pontes.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 27/03/2017 12:40:02

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/03/2017 12:40:13

Luis Villares Naveira na data 27/03/2017 12:40:22